



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Diocese de Ourense, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Diocese de Ourense para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, *co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa*", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de





Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

